

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca,
Acuicultura e Innovación TecnolóxicaEdificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

RESOLUCIÓN DO 19 DE MAIO DE 2016 POLA QUE SE APROBA O PLAN EXPERIMENTAL PARA A XESTIÓN DO POLBO (*Octopus vulgaris*) CON NASA PARA A CAMPAÑA 2016-2017

Feitos.-

En Galicia o ciclo vital do polbo é de aproximadamente dous anos. O principal período reprodutivo acontece en primavera, e como consecuencia disto a época de recrutamento (individuos de ata 300g de peso) é na primavera-verán do ano seguinte. A flota que traballa con nasa para polbo explota basicamente unha única cohorte anual.

Dende o ano 1992 na pesqueira do polbo en Galicia utilizouse, na maioría dos anos, a veda nos meses de maio e xuño, como unha medida técnica para protexer a reprodución da especie e contribuír a que a explotación fora mais sustentable. Polo tanto, co fin de axustar a xestión pesqueira ao ciclo de vida da especie, considerárase razoable que cada campaña de pesca comece despois da veda e remate no inicio do período de veda seguinte.

Nas últimas campañas, despois dunha redución progresiva da abundancia e das capturas de polbo en Galicia das campañas anteriores, nótase unha lixeira recuperación tanto no recurso coma no seu valor coincidindo coa implementación dos plans anteriores. Aínda que os estudos científicos recentes indican que a abundancia desta especie depende en grande medida das condicións ambientais que actúan sobre o recrutamento, o resultado económico das campañas pesqueiras pode ser mellorado si se deseñan plans de explotación con medidas técnicas axeitadas que ordenen a actividade da flota.

Nese senso, nos plans dos pasados anos xa se introduxeron medidas novedosas de control, como o etiquetado individualizado de tódalas nasas para polbo. Esta medida racionalizou nunha boa parte o emprego destes aparellos, sendo necesario afondar nas medidas que redunden na mellora da xestión do recurso e, vistos os resultados acadados nos plans anteriores, non se considera necesario realizar modificacións substanciais nos mesmos.

Para evitar que a caída da produción de polbo continúe nos próximos anos, é preciso incluír no plan experimental para a xestión do polbo novas medidas técnicas que eviten, tanto a sobrepesca da especie, como a saturación dos mercados nos inicios de campaña, mellorando a rendibilidade da actividade pesqueira.

Para a elaboración do novo plan experimental para a xestión do polbo recibíronse propostas da Federación provincial de confrarías de pescadores da Coruña, da

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca,
Acuicultura e Innovación TecnolóxicaEdificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

Federación provincial de confrarías de pescadores de Lugo e da Federación provincial de confrarías de pescadores de Pontevedra. Entre outras propoñíase que a veda fose de un mes de duración. Pola contra, o tempo estimado pola Consellería para a recuperación do recurso era de sesenta días. Da discusión das medidas técnicas co sector, e co fin de aproveitar a boa evolución, constatada con datos estatísticos, da mellora das capturas nos derradeiros meses e a boa evolución dos prezos, acórdase establecer un período de veda de corenta e cinco días e trasladar esta medida ao novo plan experimental de xestión do polbo para Galicia.

A aprobación do plan experimental apóiase, polo tanto, na necesidade de continuar co estudo das medidas aplicadas no plan anterior.

Por medio destas modificacións, e coa colaboración do sector para a correcta e estrita aplicación destas medidas, preténdese actualizar e axustar aspectos concretos da regulamentación cara a consecución dun mellor aproveitamento do recurso e o máximo benestar social.

Fundamentos técnicos e xurídicos.-

A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, establece no artigo 6 que “A política da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia terá como obxectivos en relación coa conservación e a xestión dos recursos pesqueiros e marisqueiros, entre outros os de: 1. O establecemento e a regulación de medidas dirixidas á conservación, a xestión e a explotación responsable, racional e sustentable dos recursos mariños vivos (...)”.

A arte da nasa de polbo ven regulada no capítulo IV, sección primeira, subsección cuarta, nos artigos 138, 139, 140 e 141 do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

En concreto o art. 141º. 2 establece que “A través dos plans de xestión aprobados pola consellaría competente en materia de marisqueo estableceranse os períodos, zonas e condicións para o calamento de nasas pechadas”. Así, pola Resolución do 4 de maio de 2015 autorizouse o Plan experimental para a xestión do polbo ata a data de inicio da veda do ano 2016.

Por outra banda, en aplicación do disposto no artigo 3º.2 do Decreto 198/2004, do 29 de xullo que modifica o 424/1993, do 17 de decembro, a Consellería do Mar poderá, con

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca,
Acuicultura e Innovación TecnolóxicaEdificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

carácter temporal e experimental, aprobar plans de pesca co obxecto de estudar a modificación da regulación das artes de pesca definidas no regulamento cara a unha mellora na xestión dos recursos pesqueiros.

En relación ao anterior, establécese na disposición transitoria terceira do citado Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, que os plans experimentais referidos no artigo 3º.3 deste Decreto manteñen a regulación prevista no artigo 3º bis do Regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia, aprobado polo Decreto 424/1993, ata que non se aprobe a norma que o substitúa.

Polo anterior,

RESOLVO:

Autorizar o plan experimental para a xestión do polbo (*Octopus vulgaris*) con nasa, baixo os seguintes termos e condicións:

1º.- Ámbito de aplicación.-

Augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia para todas as embarcacións con artes menores que teñan a modalidade de nasa para polbo no seu permiso de explotación e con porto base nesta Comunidade, así como para aquelas que tendo porto base noutras comunidades autónomas teñan permisos especiais de pesca para faenar en ditas augas.

2º.- Vixencia do plan.-

A época de vixencia do presente Plan abranguerá dende o 20 de maio de 2016 ata a data de inicio da veda do ano 2017, que se fixará polo correspondente Plan que se publicará antes da seguinte veda.

3º.-Período de veda.-

O período de veda para o ano 2016 queda establecido entre as 16:00 horas do 20 de maio ata as 6:00 horas do 4 de xullo de 2016.

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca,
Acuicultura e Innovación TecnolóxicaEdifícios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

As capturas desembarcadas o 20 de maio poderán ser comercializadas tamén o 21 de maio naquelas lonxas nas que tradicionalmente se viñesen realizando vendas de polbo os sábados.

Polo tanto, neste período queda expresamente prohibida a captura, tenza a bordo, transbordo, desembarco, almacenamento, venda ou comercialización do polbo, por medio de calquera arte, en augas de competencia en marisqueo da Comunidade Autónoma de Galicia. As embarcacións dedicadas á captura de polbo con nasas deberán retirar estas do seu calado e levalas a porto. O período de veda será, así mesmo, aplicable á pesca marítima de recreo e ás capturas acadadas con calquera outra arte distinta da nasa para polbo.

4º.- Especies.-

A especie de captura obxecto deste Plan será o **polbo** (*Octopus vulgaris*). As demais especies acompañantes terán que cumprir cos tamaños mínimos esixidos, non estar en veda e cumprir coas disposicións legais que lle sexan de aplicación.

O peso das especies acompañantes non poderá superar o 10% do peso das capturas totais autorizadas para cada embarcación e día. Desta limitación quedan excluídos os peixes.

5º.- Peso mínimo de captura.-

1 kg/peza, independentemente que sexa enteiro ou eviscerado a bordo.

6º.- Número de nasas.-

O número máximo de nasas para polbo permitido estará en función do tamaño da embarcación (tipificado segundo o Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro) e do número de tripulantes enrolados e a bordo.

Polo tanto, e para as seguintes zonas específicas, o número de nasas queda establecido do seguinte xeito:

► **Zona A (litoral atlántico oeste): Dende A Garda ata a Pedra do Sal (Caión):**

- a) Embarcacións tipo I e II: máximo de 200 nasas por tripulante, ata un máximo de 300 nasas por embarcación.

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca,
Agricultura e Innovación TecnolóxicaEdificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

b) Embarcacións tipo III, IV, V, VI e VII: máximo de 200 nasas por tripulante, ata un máximo de 600 nasas por embarcación.

Non obstante, aquelas embarcacións do tipo VI e VII que cotizan no 2º grupo B, de máis de 10 TRB, poderán ter un máximo de 800 nasas.

► **Zona B (litoral atlántico norte):** Dende a Pedra do Sal ata a Illa de San Vicente:

a) Embarcacións tipo I e II: máximo de 200 nasas por tripulante, ata un máximo de 300 nasas por embarcación.

b) Embarcacións tipo III, IV, V, VI e VII: máximo de 200 nasas por tripulante, ata un máximo de 550 nasas por embarcación.

Non obstante, aquelas embarcacións do tipo VI e VII que cotizan no 2º grupo B, de máis de 10 TRB, poderán ter un máximo de 650 nasas.

Zona C (litoral cantábrico): Dende a Illa de San Vicente ata o Río Eo:

a) Embarcacións tipo I e II: máximo de 175 nasas.

b) Embarcacións tipo III, IV, V, VI e VII: máximo de 250 nasas por embarcación máis 50 nasas por tripulante, ata un máximo de 550 nasas.

En relación aos topes máximos de nasas establecidos na presente Resolución, en calquera caso deberán respetarse as limitacións no número de nasas, que simultaneamente poida transportar unha embarcación, establecidas nos certificados de seguridade emitidos polas Capitanías Marítimas.

7º.- Cotas máximas diarias de captura e desembarco.-

Dende o 1 de xullo ata o 30 de setembro de 2016 a cota máxima será de **30 kg.** por barco e día, ao cal se lle engadirán 30 kg/día por cada tripulante enrolado e a bordo, ata un máximo de 210 kg/día.

No que resta de campaña a cota máxima será de **50 kg.** por embarcación e día, ao cal se lle engadirán 50 kg/día por cada tripulante enrolado e a bordo, ata un máximo de 350 kg/día.

8º.- Horario de traballo das embarcacións con nasa para polbo.-

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca,
Acuicultura e Innovación TecnolóxicaEdifícios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

A actividade iniciárase as 6:00 horas e finalizará as 16:00 horas.

Enténdese por inicio da actividade o momento da saída do porto.

Fóra dos horarios establecidos non se poderá realizar no mar ningún tipo de actividade coas nasas para polbo.

O descanso semanal desenvolverase desde as 16:00 horas do venres ata as 6:00 horas do luns.

Cando se produza un cambio de despacho para outra arte deberánse retirar a totalidade das nasas e depositalas en terra. De igual xeito, cando se despache para outra zona, deberá terse en conta o establecido no apartado 6º (número de nasas) desta Resolución. En ámbolos dous casos, a requirimento dos funcionarios do Servizo de Gardacostas, indicarán o seu emprazamento e permitirán a súa inspección.

9º.- Réxime de calamento das nasas.-

A captura do polbo con nasa pechada, coas dimensións previstas para a nasa de nécora, farase por fóra das rías, segundo as liñas definidas como anexo I no Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro. Ademais poderán utilizarse por fóra das liñas de referencia sinaladas como anexo V no Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro de acordo o establecido no presente artigo:

- De Cabo Silleiro a Con da Aguieira: entre o anexo V e o anexo I, as nasas **terán que levantarse do seu calamento e levarse a porto todos os días. Por fóra das liñas definidas no anexo I, e en fondos inferiores aos 25 metros** (segundo a sonda establecida nas cartas do Instituto Hidrográfico da Mariña) e para a totalidade da cacea, as nasas **deberán levantarse do seu calamento e levarse a porto todos os días. E por fóra das liñas definidas no anexo I, e en fondos superiores aos 25 metros** (segundo a sonda establecida nas cartas do Instituto Hidrográfico da Mariña) e para a totalidade da cacea, as nasas poderán **permanecer** no seu calamento sen seren levadas a porto incluso durante o período de descanso semanal.
- De Con da Aguieira a Cabo Corrubedo: entre o anexo V e o anexo I, as nasas **terán que levantarse do seu calamento e levarse a porto todos os días. No periodo comprendido entre o 1 de outubro e o inicio da veda do ano seguinte, as nasas poderán permanecer** no se calamento sen seren levadas a porto todos os días, incluso durante o período do descanso semanal.

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca,
Acuicultura e Innovación TecnolóxicaEdificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

- No resto do litoral galego: As nasas poderán **permanecer** no seu calamento sen seren levadas a porto, incluso durante o período de descanso semanal. No período comprendido entre o 1 de outubro e o inicio do período de veda anual as nasas poderán utilizarse por fóra das liñas de referencia sinaladas coma anexo V.

Antes de que a embarcación despache para unha nova modalidade de pesca, deberá levantar e levar a terra todas as nasas segundo as condicións establecidas no punto 8º.

A consellería competente na materia poderá autorizar o mantemento das artes ou aparellos calados fóra do horario de traballo establecido e/ou do descanso obrigatorio semanal, naqueles casos en que as condicións meteorolóxicas sexan desfavorables, ou por acontecemento sobrevido por causa de forza maior debidamente xustificada, tras a comunicación por parte do armador/a ou patrón/a ao Servizo de Gardacostas ao nº de Fax 981-544031 ou ben ao correo electrónico: pesca.sala.operacións@xunta.es Este explicará os motivos e indicará o número de pezas ou caceas, así como a situación destas, expresadas en latitude e lonxitude ou, de ser o caso, indicará da maneira mais exacta posible a situación xeográfica da zona onde se atopen.

10º.- Balizamento.-

Os extremos ou cabeceiras de cada unha das caceas que se manteñan caladas deberán ser balizadas e identificarse axeitadamente indicando de forma clara e visible a matrícula e o folio da embarcación, así como a letra «N». Para estas balizas, a consellería competente en materia de pesca proporcionará **etiquetas con chip RFID integrado** para o seu uso no medio mariño. A Consellería ditará as instrucións precisas para a colocación e control destas etiquetas con chip antes do fin da veda do polbo.

Ademais, todas as nasas deberán levar visible unha **etiqueta codificada e seriada** entregada pola consellería competente en materia de pesca. A Consellería ditará as instrucións precisas para a colocación e control destas etiquetas antes do fin da veda do polbo.

11º.- Puntos de descarga, control e venda.-

Soamente poderase descargar polbo nos portos autorizados para elo pola Consellería do Mar, relacionados no anexo I.

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca,
Acuicultura e Innovación TecnolóxicaEdificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

En cada un dos portos autorizados establecerase un punto principal de descarga do polbo para facilitar as labores de control das capturas; estes puntos de descarga estarán o máis próximos posible á lonxa de comercialización do polbo. Para cada punto de descarga estableceranse previamente os horarios correspondentes.

Naqueles puntos de descarga nos que se considere necesario, por causa de condicións meteorolóxicas adversas, poderase establecer un punto de descarga secundario. En ningún caso poderán simultanearse ambos puntos.

Cando por circunstancias imprevistas sexa necesario realizar a descarga fóra dos horarios previstos, será obrigatorio comunicalo ao servizo de Gardacostas ao número de fax 981.544031 ou ben ao correo electrónico pescas.sala.operacións@xunta.es

Queda prohibida a descarga de polbo fóra dos portos autorizados e, nestes, fóra dos puntos de descarga fixados ou en horarios distintos aos establecidos.

Naqueles portos autorizados onde exista lonxa, unha vez feita a descarga do polbo nos puntos autorizados para elo, deberá trasladarse obrigatoriamente a esta sen que se poida levar ou manter noutro tipo de instalacións con anterioridade a súa poxa, incluídas as vendedurías e os vehículos. De non efectuarse a primeira venda nesa lonxa e se transporte cara a outra o produto deberá ir acompañado do correspondente documento de transporte ata que se efectúe a súa primeira venda.

Naqueles portos autorizados nos que non exista lonxa, deberá cumprimentarse o documento de transporte con destino a unha lonxa ou centro autorizado de primeira venda.

12º.- Programa de seguimento e control.-

A Subdirección Xeral de Gardacostas coordinará as labores de control específicas deste Plan experimental de xestión, en colaboración cos gardapescas das confrarías e os servizos contratados ao efecto.

- 1.- A Consellería do Mar, en colaboración coas federacións de confrarías de pescadores reforzará os servizos de control en terra con persoal contratado ao efecto.
- 2.- No mar as labores de control serán desenvolvidas cos seus propios medios polo Servizo de Gardacostas en colaboración cos gardapescas das confrarías que dispoñan de medios marítimos.
- 3.- Para o control das descargas en terra contarase con persoal de gardacostas, gardapescas das confrarías, gardapeiraos de Portos de Galicia e persoal propio das autoridades portuarias.

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca,
Acuicultura e Innovación TecnolóxicaEdificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

4.- O Servizo de Gardacostas, dentro do programa de control deste plan tamén desenvolverá actuacións nas instalacións frigoríficas, de transformación ou comercialización onde se almacene, transforme e comercialice polbo.

5.- O Servizo de Gardacostas, antes do final da veda elaborará un programa de control en coordinación coas federacións de confrarías.

6.- Durante o período de vixencia do plan, os gardacostas destinados ao control deste poderán acceder á información proporcionada polos plotters das embarcacións, ás facturas da carnada e calquera outra información considerada relevante relacionada con este plan, sempre de xeito motivado e coa autorización do subdirector xeral de Gardacostas ou coordinador do Plan experimental de xestión do polbo.

7.- O Servizo de Gardacostas nomeará un coordinador do Plan experimental para a xestión do polbo con nasa.

Este programa de seguimento e control entrará en vigor ao remate da veda deste ano.

► **Despachos telemáticos.**

As embarcacións que opten por desenvolver a actividade entre A Guarda e Pedra do Sal, deberán rexistrar a actividade no punto de adhesión ao plan de explotación: [“PLAN EXPERIMENTAL POLBO-NASA 2016-2017 (Zona I A GARDA-PEDRA DO SAL)”].

As embarcacións que opten por desenvolver a actividade pesqueira entre Pedra do Sal e Illa de San Vicente, deberán rexistrar dita actividade no punto de adhesión ao plan de explotación: [“PLAN EXPERIMENTAL POLBO-NASA 2016-2017 (Zona II PEDRA DO SAL-ILLA SAN VICENTE)”].

As embarcacións que opten por desenvolver a actividade pesqueira entre a Illa de San Vicente e o Río Eo, deberán rexistrar dita actividade no punto de adhesión ao plan de explotación: [“PLAN EXPERIMENTAL POLBO-NASA 2016-2017 (Zona III ILLA SAN VICENTE-RIO EO)”].

En todo caso:

- Os despachos serán específicos para cada zona.
- Na mesma semana non poderá despachar a nasa polbo a dúas zonas distinta das incluídas neste plan.

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca,
Aqüicultura e Innovación TecnolóxicaEdificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

- No caso de que as condicións meteorolóxicas impidan manter a actividade na zona solicitada ao longo de toda a semana, previa comunicación xenérica por parte da confraría cunha antelación mínima de 18 horas, se permitirá o cambio de despacho. Neste caso, para que as nasas poidan permanecer caladas a fin de semana nas zonas autorizadas para elo será necesario que a embarcación estivera despachada para esa zona alomenos 3 días desa semana.
- Cando se produza o cambio de zona, deberanse retirar a totalidade das nasas para o novo emprazamento, debendo respetarse as condicións establecidas para a nova zona, incluído o número de nasas.
- Autorizarase a realización de traballos de laboreo, consistente no traslado a bordo das embarcacións das nasas dende o lugar de almacenamento, os dous días anteriores ao inicio da campaña e os dous posteriores ao peche da mesma, previa comunicación nominal das embarcacións que vaian a facelo, por parte da confraría correspondente. En ningún caso non poderán abandonar o porto unha vez depositadas as nasas nas embarcacións.

Mostraxes.-

Durante o período de vixencia do plan, técnicos da Consellería poderán realizar en calquera das embarcacións participantes, mostraxes para control, seguimento e avaliación do plan; os armadores deben colaborar de tal xeito que se permita acadar os obxectivos propostos. A falta de colaboración neste eido ocasionará a baixa definitiva do plan.

13º.- Comisión de seguimento.-

Créase a comisión de seguimento do Plan experimental para a xestión do polbo que se reunirá cunha periodicidade mínima trimestral e estará composto por:

- O subdirector xeral de Gardacostas, que será o seu presidente.
- O subdirector xeral de Pesca e Mercados da Pesca.
- O xefe do Servizo de Pesca, que será o seu secretario.
- O presidente da Federación Galega de Confrarías ou persoa en quen delegue.
- O presidente da Federación de Confrarías de Pescadores de A Coruña ou persoa en quen delegue.

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca,
Acuicultura e Innovación TecnolóxicaEdificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

- O presidente da Federación de Confrarías de Pescadores de Lugo ou persoa en quen delegue.
- O presidente da Federación de Confrarías de Pescadores de Pontevedra ou persoa en quen delegue.
- O coordinador do Plan experimental para a xestión do polbo con nasa.
- Nas reunións cada un dos seus membros poderán propoñer ata un máximo de dúas persoas para asistir á mesma, con voz pero sen voto.

Entre as súas funcións, a Comisión poderá propoñer cambios temporais deste Plan cando se produzan situacións excepcionais.

14º.- Extracción e comercialización.-

O exercicio da actividade extractiva e comercial establecida neste plan está sometida ao estricto cumprimento da normativa vixente en materia de extracción e comercialización de produtos da pesca fresca.

15º.- Infraccións e sancións.-

O incumprimento das condicións establecidas neste plan, poderá ser sancionado segundo o establecido na Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro.

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a conselleira do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2016

A Conselleira do Mar

A CONSELLEIRA DO MAR
Rosa María Quintana Carballo

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca,
Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Edifícios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

ANEXO I**PORTOS AUTORIZADOS**

PROVINCIA DE A CORUÑA.-



CONFRARÍA	PORTO DE DESCARGA	PORTO SECUNDARIO
O Barqueiro	Peirao do porto	
Espasante	Peirao próximo á lonxa	
Cariño	Peirao próximo á lonxa	
Cedeira	Peirao novo	
Ferrol	Pantalán da dársena de Curuxeiras	
Barallobre	Peirao próximo á lonxa	
Mugardos	Peirao próximo á lonxa	
Ares	Zona nave multiusos	
Pontedeume	Peirao próximo á lonxa	
Sada	Pantalán artes varias	
Mera	Peirao Linares Rivas porto A Coruña	
Lorbé	Peirao do porto	
A Coruña	Peirao próximo á lonxa	
Caión	Peirao da grúa	
Malpica	Escafeiras da lonxa e pantalán dársena interior	
Corme	Peirao do porto	
Laxe	Rampla da lonxa	
Camelle	Peirao de Camelle	
Camariñas	Peirao do porto	
Muxía	Rampla do porto	

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca,
Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Edificios Administrativos San Caetano, s/n.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

CONFRARIA	PORTO DE DESCARGA	PORTO SECUNDARIO
Fisterra	Peirao do porto de Fisterra	
Corcubión	Peirao do porto	
O Pindo	Peirao do porto	
Lira	Porto de Lira	Rampla nova
Muros	Rampla Praia do Castelo	Rampla peirao da lonxa
Noia	Peiraos do Testal e O Freixo	
Portosín	Peirao próximo á lonxa	
Aguíño	Peirao de Aguíño	Porto de Ribeira
Ribeira	Peirao próximo á lonxa	
A Pobra do Caramiñal	Peirao próximo á lonxa	
Cabo de Cruz	Peirao próximo á lonxa	



PROVINCIA DE LUGO.-

CONFRARIA	PORTO DE DESCARGA	PORTO SECUNDARIO
Burela	Lonxa en porto pesqueiro	
Celeiro	Lonxa en porto pesqueiro	
Foz	Lonxa en porto pesqueiro	
Ribadeo	Lonxa en porto pesqueiro	
Vicedo	Porto pesqueiro	
San Cibrao	Portos pesqueiros de San Cibrao e Morás	

**XUNTA DE GALICIA**
 CONSELLERÍA DO MAR
 Dirección Xeral de Pesca,
 Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

 Edificios Administrativos San Caetano, s/n.
 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

PROVINCIA DE PONTEVEDRA.-

CONFRARÍA	PORTO DE DESCARGA	PORTO SECUNDARIO
A Garda	Rampla de varado do porto de A Garda e o peirao alto	
Aldán-Hío	Porto	
Baiona	Pantalán fronte lonxa e escaleira pedra esquerda lonxa	Peirao pesqueiro de Panxón
Bueu	Ramplas de descarga da lonxa	
Cambados	Lonxa de Tragove	
Cangas	Ramplas descarga lonxa	
Lourizán	Dársena embarcacións menores Lourizán	
Marín	Rampla dársena de baixura tinglado xeral empaque nº 24	Lonxa
Moaña	Porto pesqueiro de Vigo	Porto de Meira-Moaña
O Grove	Portos de Pedras Negras, Meloxo e O Grove	
Pontevedra	Lonxa de Campelo	
Portonovo	Inmediacións lonxa, rampla E 1ª escaleira do peirao	
Raxó	Peirao de Combarro Porto de Raxó	
Vigo	Porto de Canido	

